

PROCESO DE RESERVA DE PRAZA PARA O INSTITUTO

A partires do martes, 11 de xaneiro, comeza o prazo para presentar as solicitudes de reserva de praza para o vindeiro curso escolar 2022/2023 dos alumnos de 6º de primaria para o noso centro de adscrición, o IES Xesús Taboada Chivite. As familias poderán realizar a solicitude de reserva de praza a través dalgunha das seguintes opcións:

1. Entregar a solicitude debidamente cumprimentada na secretaría do centro.
2. Cubrir a solicitude telematicamente a través da aplicación **ADMISIONALUMNADO** e asinala en Sede Electrónica (necesario dispor de certificado dixital ou Chave365).
3. Cubrir a solicitude de forma telemática a través da aplicación informática **ADMISIONALUMNADO**, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/, seguindo a ruta:

Solicitudes > Reserva > Crear

IMPORTANTE: Se esta última é a opción elixida, **DEBERÁN PRESENTAR ASINADA** igualmente no centro a **solicitude co código** xerado pola aplicación unha vez cuberta, para que no centro poidamos recuperar e xestionar a devandita solicitude de cara ao centro de destino. Se non se aporta a solicitude co código, a reserva NON será efectiva.

- PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: do **11 de xaneiro ao 8 de febreiro**

- MODO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

As solicitudes poderán ser entregadas aos respectivos titores pol@s nen@s, sendo esta a canle preferible de presentación presencial. No caso de que a presentación sexa a través dunha persoa diferente ao alumnado, deberá entregarse **EXCLUSIVAMENTE na secretaría** do centro, sempre **CON CITA PREVIA**, que poderá solicitarse no número 988411425.

Horario para a presentación presencial de solicitudes na secretaría do centro por unha persoa diferente ao alumnado:

DE LUNS A VENRES DE 9:15 A 11:00
(IMPRESINDIBLE CITA PREVIA)

NOTA: Lembramos que este proceso de reserva de praza vai soamente dirixido ao alumnado que solicite praza para o centro de adscrición (IES Xesús Taboada Chivite). No caso de querer solicitar praza nun centro diferente ao adscrito, recordamos que esa solicitude deberá presentarse no centro desexado durante o proceso ordinario de admisión de alumnado, comprendido entre o 1 e o 20 de marzo.

Calquera dúbida será resolta polo centro educativo.